

## RESOLUCIÓN REITORAL, DO 11 DE ABRIL DE 2024, POLA QUE SE AMPLÍA O PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS PREMIOS DE POESÍA, RELATO CURTO E TRADUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Con data do 16 de febreiro de 2024 publicouse a resolución reitoral pola que se convocan os Premios de poesía, relato curto e tradución 2024 da Universidade de Vigo.

O apartado 6 da resolución establece:

«Os traballos presentaranse nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e dirixiranse á Área de Normalización Lingüística.

Para garantir o anonimato, os asentos no rexistro realizaranse especificando que se presenta unha **obra aos Premios de poesía, relato curto e tradución 2024** pero sen referirse ao lema/alcume/pseudónimo.

O prazo de presentación dos orixinais permanecerá aberto desde o día seguinte de publicarse esta convocatoria ata o 12 de abril de 2024. Se o último día do prazo coincide un sábado ou un día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.»

Con data do 11 de abril infórmase esta vicerreitoría de problemas técnicos nos rexistros da Universidade de Vigo que dificultan a presentación de solicitudes, polo que esta reitoría

### RESOLVE

Ampliar o prazo de presentación de solicitudes para participar nos Premios de poesía, relato curto e tradución para o ano 2024 ata o **19 de abril de 2024**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibo da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibimento desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer ningún recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR do 31 de outubro de 2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo

(asinado dixitalmente)

